

CAMPIONATO GALEGO DE WATER-POLO CADETE

Tempada 2007 - 2008 - Circular 07-35

1.- Participación

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles Clubs inscritos na FEGAN, ata un máximo de dous equipos por Club.

1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión da correspondente licenza federativa (será obrigatoria a presentación de documento que acredite a idade do xogador en caso de que algún Club ou Delegado Federativo así o solicite antes dos partidos).

1.3.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 92 e posteriores.

2.- Inscripcións

2.1.- Os equipos deberán comunicar a súa participación á FEGAN polo menos un mes antes da celebración da competición, debendo remitir o ANEXO debidamente cuberto polo menos 10 días antes da celebración de cada campionato.

3.- Calendario

3.1.- Celebraranse dous Campionatos de Inverno e Verán segundo o calendario. As datas poden ser modificadas en función das competicións nacionais, nese caso, comunicariáanse oportunamente así como as modificacións necesarias nos prazos de inscrición.

4.- Sistema de xogo

a). Dous equipos (A-B): Fase final. Partido único. Final A-B.

b). Tres equipos (A-B-C). Celebraranse eliminatorias previas a semana anterior na xornada de sábado e domingo por sorteo para decidir os dous finalistas a partido único da seguinte forma:

Eliminatoria 1: A - B

Eliminatoria 2: Perdedor eliminatoria 1 - C

Fase Final: Gañador eliminatoria 1 - Gañador eliminatoria 2

c). Catro equipos (A-B-C-D):

Xornadas de semifinais por sorteo, 3ª e 4ª posto e final. No caso de haber dous equipos do mesmo Club, estes non se enfrontarán en semifinais

Fase final:

Mañá:

Semifinal A-B

Semifinal C-D

Tarde:

3ª-4ª Posto: Perdedor semifinal 1 - Perdedor semifinal 2

Final: Gañador semifinal 1 - Gañador semifinal 2

d.) Máis de catro equipos. Celebraranse eliminatorias previas por sorteo a partido único en datas previas ata quedar catro equipos e seguir o sistema. No caso de que existan Clubs con dous equipos o segundo equipo terá que disputar obrigatoriedade a eliminatoria.

O campionato de verán celebrarase con formato de ligüña todos contra todos a un só partido

Todos os partidos e todos os sistemas de competición acabarán con un vencedor (sen posibilidade de empate)

5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispoñer de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigas

que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- Títulos e premios

6.1.- Entregarase un trofeo ao equipo campión Galego e medallas a compoñentes dos equipos clasificados nos tres primeiros postos.

A Coruña, 20 de xullo de 2007
Secretaría Xeral FEGAN

Anexo:

Campionato Galego De Wáter-Polo Cadete				
Formulario de inscrición -Tempada 2007 - 2008				
Club / Equipo :				
Nome persoa de contacto:				
Indicar a categoría na que se inscribe:				
	CAMPIONATO DE INVERNO			CAMPIONATO DE VERÁN
DEPORTISTAS				
	Apelidos	Nome	Data nacem	Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7...				
8.				
9.				
10.				
11.				
12.				
13.				
14.				
15.				
16.				
17.				
18.				
19.				
20.				
TÉCNICOS				
	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
DIRECTIVOS / DELEGADOS				
	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				

CLUB: Sinatura e Selo

FEGAN